

ANTICONCEPCIÓN HORMONAL DE PROXESTÁXENO SÓ VÍA INTRAMUSCULAR “INXECCIÓN”



NORMAS DE USO

- A primeira inxección pola entre o 1º e 5º día da regra.
- A seguinte inxección pola aos 3 meses da anterior.
- Se comezas axeitadamente é eficaz desde a 1ª inxección.

Podes poñer a inxección 15 días antes ou 15 días despois do día que che corresponde.
Debes ir ao teu centro de saúde para que che poñan a inxección.

COMENTARIO: se queres planificar un embarazo lembra que con este método atrasase a fertilidade entre 6 e 10 meses dende a última inxección.

QUE FACER SE...?

SITUACIÓNS	RISCO DE FALLO	ACTUACIÓN
Si pos a primeira inxección despois do 5ª día da regra	si	Pos a inxección e utilizas preservativo durante 7 días.
Atrasas a seguinte inxección máis de 15 días	si	Pos a inxección e utilizas preservativo durante 7 días.
Non recordas canto tempo pasou dende a última inxección	si	Descartas un embarazo, pos a inxección e utilizas preservativo durante 7 días.
Toma de medicamentos	non	-----

ANTICONCEPCIÓN HORMONAL DE PROXESTÁXENO SÓ

É un método reversible, seguro para a saúde e moi eficaz. A súa eficacia é do 92 ao 99,7%.

Contén unha hormona que é similar á que se produce nos ovarios: a proxesterona.

O seu mecanismo de acción é suprimir a ovulación e espesar o moco cervical.

Hai diferentes preparados e cada un contén un tipo de xestáxeno.

Existen distintas vías de administración: oral (“a minipílula”), subdérmica (o implante), intramuscular (a inxección) e intrauterina (o DIU).

Todos os preparados están financiados pola Seguridade Social.

Adminístrase a hormona de forma continua provocando a maioría das veces un cambio do patrón de sangrado menstrual.

O cambio do patrón de sangrado é unha característica deste método:

- Ausencia de regra
- Regras máis espaciadas
- Sangrados escasos e/ou prolongados
- Sangrados impredecibles

Estes cambios poden producirse cada mes ou sen ritmo establecido e son diferentes dunha muller a outra. Adoitan ser máis frecuentes nos primeiros meses e tenden a estabilizarse. Non hai risco para a saúde, unicamente poden resultar incómodos.

A anticoncepción hormonal de proxestáxeno só pode provocar efectos secundarios que son comúns a todas as vías de administración. Adoitan ser leves e ocorren durante os tres primeiros meses, o habitual é que desaparezan espontaneamente nese tempo.

Os efectos secundarios máis frecuentes son:

- Dor de cabeza: tes que consultar se non cede pasados os tres primeiros meses, se aumenta de frecuencia e/ou intensidade e/ou se acompaña de náuseas, vómitos, perda de visión.
- Dor nas mamas: habitualmente mellora co paso do tempo. Se persiste ou che resulta incómodo podes consultar.
- Alteración do carácter: ás veces débese non tanto ao método como a outros factores, estrés, carga de traballo, etc. Se persiste debes consultar.
- Acne: soe ser leve, se aumenta de intensidade debes consultar.
- Efectos secundarios propios de cada vía:
 - Náuseas e/ou vómitos: ocorren coa administración oral. Poden mellorar se tomas a pílula antes de ir durmir ou coas comidas.
 - Aumento de peso: ocorre co inxectable trimestral. Coida a túa dieta e fai exercicio.

Lembra, este método non protexe das Infeccións de Transmisión Sexual. Debes usar preservativo se cres que nas túas relacións pode existir risco de contaxio.

Se non o utilizaches correctamente solicita anticoncepción de urxencia en calquera centro de saúde, puntos de atención continuada e centros de orientación familiar.